

MINAS DE BANDEIRA, S.A. (MIBASA)
 LG MONTE CARREIRA KM5, CRTA BANDEIRA-CRUCES
 36570 SILLEDA
 (PONTEVEDRA)

**ASUNTO: RENOVACIÓN DA ADHESIÓN Ó SISTEMA DE XESTIÓN E AUDITORÍA
 MEDIOAMBIENTAL**

MINAS DE BANDEIRA, S.A. (MIBASA), inscrita no sistema comunitario de xestión e auditoría medioambiental, co nº ES-GA-000323 con data 17.11.2011, presenta a nova declaración medioambiental validada por BUREAU VERITAS IBERIA, S.L. dentro do prazo previsto. A dita declaración medioambiental foi validada segundo o Regulamento (CE) n.º 1221/2009 do Parlamento Europeo e do Consello de data 25 de novembro de 2009, relativo á participación voluntaria de organizacións nun sistema comunitario de xestión e auditoría medioambientais EMAS modificado segundo os Regulamentos (UE) 2017/1505 e (UE) 2018/2026.

Trala verificación da non existencia de non conformidades coa lexislación vixente, esta Dirección Xeral considera renovada a adhesión ao sistema de xestión e auditoría medioambiental, procedendo á actualización do rexistro.

A devandita renovación levouse a cabo segundo o indicado no Regulamento (CE) n.º 1221/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, de data 25 de novembro de 2009, relativo á participación voluntaria de organizacións nun sistema comunitario de xestión e auditoría medioambientais EMAS, e no Decreto 185/1999, do 17 de xuño, polo que se establece o procedemento para a aplicación na Comunidade Autónoma galega, dun sistema voluntario de xestión e auditoría ambiental.

Este documento ten validez ata o 17.02.2022, data límite para a presentación, por parte da entidade, da seguinte declaración ambiental validada, agás a súa anulación ou suspensión temporal.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
 Manuel Díaz Cano
 Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
 (asinado electronicamente)

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro
 San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
 T. 981 541 705
 dxcalidadeambiental.cmot@xunta.gal
 www.xunta.gal

